

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	A Guía	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM02	Comercialización de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1613	Comercio electrónico en negocios alimentarios	2024/2025	8	133	159
MP1613_12	Planificación e estratexias de márketing dixital en negocios alimentarios	2024/2025	8	33	39
MP1613_22	Constitución, xestión, mantemento e valoración do comercio en liña de produtos ali-mentarios	2024/2025	8	100	120

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLGA REBOREDO MIGUÉLEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenvolvemento curricular deste Módulo vaise aplicar no IES A Guía que cumpre as condicións establecidas nos RD do Título e do Currículo en canto a espazos, instalacións, número de alumnos por grupo, etc.

O perfil profesional do título Ciclo Medio en Comercialización de produtos alimentarios queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, e pola relación de cualificacións e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral consiste en desenvolver actividades comerciais en establecementos alimentarios físicos e en liña relacionadas coa planificación comercial, a xestión da loxística de almacenaxe, a distribución e a reposición de produtos alimentarios, e a supervisión das seccións de venda de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, e de atención comercial a clientela e provedores, seguindo criterios de calidade e actuando segundo a normativa de prevención de riscos, seguridade alimentaria e protección do/da consumidor/a.

baseadas en estudos comerciais, e en promocionar e publicitar os produtos e/ou servizos nos medios e nos soportes de comunicación axeitados, elaborando os materiais publipromocionais necesarios.

As competencias profesionais, persoais e sociais do título de técnico en Comercialización de Produtos Alimentarios son as que se relacionan:

- a) Realizar análises de viabilidade técnica, económica e financeira para constituír e pór en marcha un pequeno establecemento comercial alimentario.
- b) Supervisar accións administrativas, comerciais e fiscais e planificar a tesouraría, conforme a normativa, para xestionar un pequeno establecemento físico e en liña de produtos alimentarios.
- c) Establecer protocolos e aplicar obxectivos estratéxicos fixados no plan de negocio, para determinar a liña de actuación comercial do pequeno comercio alimentario.
- d) Establecer estratexias de plans de márketing no comercio alimentario para potenciar as vendas e fidelizar a clientela.
- e) Supervisar a montaxe e a exposición, nos puntos de venda, de elementos atractivos e publicitarios e de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, para incentivar as compras.
- f) Xestionar a loxística de comercios alimentarios físicos e en liña, para garantir a coordinación dos provedores e a subministración de alimentos, o nivel de existencias e a distribución.
- g) Supervisar a manipulación e a conservación dos produtos alimentarios segundo as súas características, para garantir as condicións hixiénico-sanitarias e de prevención de riscos laborais, e de seguridade alimentaria.
- h) Supervisar a obtención de porcións de produtos alimentarios frescos e a elaboración de derivados de carnes e peixes, en función da peza, do destino culinario e da demanda do/da cliente/a, seguindo as condicións requiridas de calidade e seguridade alimentaria.
- i) Supervisar a atención comercial e a venda de produtos alimentarios de xeito físico ou en liña, consonte as características de cada produto e as necesidades do/ da cliente/a, aplicando a normativa de protección do/da consumidor/a.
- j) Coordinar e xestionar un comercio alimentario en liña, para conseguir os obxectivos previstos nos plans de márketing dixital.
- k) Xestionar informaticamente a documentación asociada á actividade dun pequeno comercio alimentario, físico e en liña, para dar a resposta ás necesidades e ás demandas da clientela e aos obxectivos da empresa.
- l) Xestionar en inglés as relacións coa clientela e coas persoas usuarias ou consumidoras, realizando o seguimento das operacións, para asegurar o nivel de servizo prestado.
- m) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos e utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe

ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.

n) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.

ñ) Resolver de forma responsable as incidencias relativas á súa actividade e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.

o) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

p) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no contorno laboral e ambiental.

q) Aplicar procedementos de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todas as persoas nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

r) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

s) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, consonte o establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	2	10
2	Plan de márketing dixital	Definir solucións estratéxicas mediante a implementación de accións específicas de desenvolvemento da marca comercial.	17	10
3	Utilización de entornos web	Definir estratexias de interacción coas persoas usuarias de forma dixital. Manexo, control e creación das redes sociais. Manexo dos diferentes entornos web	20	10
4	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	6	15
5	Ferramentas de deseño	Deseñar mediante software libre de deseño diferentes recursos para utilizar dixitalmente.	39	20
6	Facturación electrónica e administración telemática	Realizar a facturación electrónica e outras tarefas administrativas de forma telemática, utilizando en cada caso software específico	35	10
7	Deseño e funcionamento dunha tenda virtual, redes sociais e interacción dixital co público	Construír páxinas web atractivas de negocios alimentarios para o público de Internet, utilizando criterios de posicionamento, fácil manexo e persuasión.	40	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	2

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios, tendo en conta as novas formas de relación co público obxectivo e as estratexias dixitais existentes	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Aplicouse a estrutura e o contido dun plan de márketing ao comercio electrónico, adaptándoo á planificación e ás necesidades da empresa alimentaria
CA1.3 Aplicáronse estratexias de comercio electrónico determinadas no plan de márketing
CA1.5 Identificáronse dispositivos de atención á clientela mediante sistemas de comunicación electrónica, atendendo ás suxestións e ás consultas que melloran a calidade da empresa
CA1.6 Establecéronse obxectivos e indicadores do rendemento do tráfico da páxina web, en función da segmentación de mercado incluída no plan de márketing

4.1.e) Contidos

Contidos
Selección de axentes. Canles de distribución en liña. Características e operatividade.
Establecemento de dispositivos de atención á clientela. Comunicación electrónica. Suxestións e consultas. Mellora de calidade da empresa.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Plan de márketing dixital	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios, tendo en conta as novas formas de relación co público obxectivo e as estratexias dixitais existentes	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Aplícase a estrutura e o contido dun plan de márketing ao comercio electrónico, adaptándoo á planificación e ás necesidades da empresa alimentaria
CA1.2 Selecciónáronse os axentes que interveñen nas canles de distribución en liña, en función das súas características e da súa operatividade
CA1.3 Aplícanse estratexias de comercio electrónico determinadas no plan de márketing

4.2.e) Contidos

Contidos
Plans de márketing de produtos alimentarios aplicados ao comercio electrónico: análise de situación, obxectivos, estratexias, tácticas, ferramentas, orzamento e analítica de control e seguimento.
Selección de axentes. Canles de distribución en liña. Características e operatividade.
Orzamento e estimación de custos dunha páxina web.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Utilización de entornos web	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora plans de comercio electrónico en establecementos alimentarios, tendo en conta as novas formas de relación co público obxectivo e as estratexias dixitais existentes	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Posiciónase o comercio alimentario en liña en buscadores, en servidores de aplicacións de mapas ou de xeolocalización e en buscadores de comparación de prezos

Cráterios de avaliación

CA1.5 Identificáronse dispositivos de atención á clientela mediante sistemas de comunicación electrónica, atendendo ás suxestións e ás consultas que melloran a calidade da empresa

CA1.6 Establecéronse obxectivos e indicadores do rendemento do tráfico da páxina web, en función da segmentación de mercado incluída no plan de márketing

CA1.7 Estimouse o custo de accións de márketing en liña segundo o orzamento establecido da empresa

4.3.e) Contidos
Contidos

Posicionamento en buscadores, en servidores de aplicacións de mapas ou de xeolocalización e en comparadores de prezos.

Establecemento de dispositivos de atención á clientela. Comunicación electrónica. Suxestións e consultas. Mellora de calidade da empresa.

Obxectivos e indicadores de rendemento da páxina web. Segmentación do mercado.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formación en empresa.	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Constitúe unha tenda en liña de produtos alimentarios, aplicando padróns informáticos	NO
RA2 - Xestiona a recepción, a entrega e o cobramento de pedidos, elabora orzamentos, distribúe produtos e realiza o seguimento bancario da venda en liña	NO

4.4.d) Cráterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Cráterios de avaliación

CA1.1 Definíronse a estrutura básica do comercio alimentario en liña e os seus elementos, en relación coa actividade comercial á que se destinan

Criterios de avaliación
CA1.4 Creouse unha web de comercio alimentario adaptada ao público ao que se dirixa e aos sistemas de acceso virtual
CA1.9 Definíronse as medidas requiridas para as transaccións seguras, respectando a lexislación en materia de protección do/da consumidor/a
CA2.1 Recibíronse os pedidos en liña
CA2.1.1 Recibíronse os pedidos en liña FE
CA2.2 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos
CA2.2.1 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos FE
CA2.3 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpra o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias
CA2.3.1 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpra o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias FE
CA2.4 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación
CA2.4.1 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación FE
CA2.5 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación
CA2.5.1 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación FE
CA2.6 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega
CA2.6.1 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega FE
CA2.7 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias
CA2.7.1 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias FE
CA2.8 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas
CA2.8.1 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas FE

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Determinación da estrutura básica dun comercio alimentario en liña e dos elementos que a compoñen.</p> <p>Aloxamento de ficheiros en servidores propios e alleos.</p> <p>Recepción de pedidos: orde de chegada, tempo de entrega, tipo de produto e ofertas.</p> <p>Elaboración do orzamento de pedidos. Petición da clientela, tipo de produto e prezo ou oferta.</p> <p>Cobramento en liña. Canles de pagamento. Medidas de seguridade.</p> <p>Distribución, seguimento e entrega do envío. Medios de envío.</p> <p>Reembolsos, devolucións e seguimento bancario. Corrección de erros e deficiencias na entrega.</p> <p>Vendas a través de intermediarios. Condicións pactadas e cobramentos.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Ferramentas de deseño	39

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Constitúe unha tenda en liña de produtos alimentarios, aplicando padróns informáticos	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Elaboráronse deseños responsables, amigables e utilizables de tendas en liña, tendo en conta as características requiridas e as condicións de accesibilidade e deseño universais
CA1.6 Aloxáronse os ficheiros compoñentes do sitio web en servidores propios ou alleos, segundo criterios de operatividade

4.5.e) Contidos

Contidos
Aloxamento de ficheiros en servidores propios e alleos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Facturación electrónica e administración telemática	35

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Constitúe unha tenda en liña de produtos alimentarios, aplicando padróns informáticos	NO
RA2 - Xestiona a recepción, a entrega e o cobramento de pedidos, elabora orzamentos, distribúe produtos e realiza o seguimento bancario da venda en liña	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Inscribiuse a tenda en liña no rexistro correspondente, co fin de realizar transaccións económicas e monetarias, emitir facturas e abrir contas bancarias
CA1.9 Definíronse as medidas requiridas para as transaccións seguras, respectando a lexislación en materia de protección do/da consumidor/a
CA2.1 Recibíronse os pedidos en liña
CA2.1.2 Recibíronse os pedidos en liña FCE
CA2.2 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos
CA2.2.2 Elaborouse o orzamento de pedidos de alimentos FCE
CA2.3 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpra o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias

Criterios de avaliación
CA2.3.2 Comunicouse o orzamento e as condicións de entrega do produto, verificouse que cumpra o demandado polo/a cliente/a e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias FCE
CA2.4 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación
CA2.4.2 Cobrouse o pedido de alimentos mediante medios de pagamento telemáticos indicados na páxina web, a través de canles que garantan a seguridade da operación FCE
CA2.5 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación
CA2.5.2 Ordenouse a distribución e o seguimento do envío e a entrega do pedido ao/á cliente/a nos prazos e no lugar acordados, a través dos medios de distribución adecuados á operación FCE
CA2.6 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega
CA2.6.2 Deseñouse unha estratexia de reembolsos, que teña en conta as devolucións da clientela e os erros na entrega FCE
CA2.7 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias
CA2.7.2 Efectuouse o seguimento bancario da venda en liña, comprobando que se realizaran os ingresos polas vendas e devolucións dos pedidos enviados e, de ser o caso, arranxáronse as deficiencias FCE
CA2.8 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas
CA2.8.2 Comprobouse que se cobraran as vendas realizadas a través de intermediarios, de acordo coas condicións pactadas FCE

4.6.e) Contidos

Contidos
Comunicación do orzamento e condicións de entrega. Arranxo de deficiencias.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Deseño e funcionamento dunha tenda virtual, redes sociais e interacción dixital co público	40

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Constitúe unha tenda en liña de produtos alimentarios, aplicando padróns informáticos	NO
RA3 - Realiza o mantemento da páxina web corporativa, a tenda electrónica e o catálogo en liña, actualizando a información da páxina web e atendendo a clientela de xeito inmediato	SI
RA4 - Valora o rendemento do comercio electrónico alimentario, analizando os datos de tráfico e resultado do negocio, aplicando instrumentos de avaliación	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse a estrutura básica do comercio alimentario en liña e os seus elementos, en relación coa actividade comercial á que se destinan
CA1.2 Integrouse o comercio alimentario en liña nun comercio físico xa existente
CA1.4 Creouse unha web de comercio alimentario adaptada ao público ao que se dirixa e aos sistemas de acceso virtual
CA1.7 Seleccionáronse plataformas de código aberto, padróns e deseños acordes co negocio alimentario da tenda en liña
CA1.8 Instaláronse dispositivos de atención á clientela en función da atención a preguntas frecuentes, problemas da clientela, instrucións de uso en pagamentos, suxestións e queixas
CA3.1 Actualizáronse os ficheiros que compoñen as páxinas web e utilizáronse programas específicos de inclusión de textos, imaxes e son
CA3.2 Elaboráronse fichas de produtos e catálogos electrónicos e posicionáronse en páxinas web de comparación de prezos, para facilitar a súa lectura e a súa comprensión
CA3.3 Enviáronse os ficheiros web actualizados ao servidor de internet mediante programas especializados nesa tarefa
CA3.4 Actualizouse o deseño da web, procurando a súa eficiencia e a súa rendibilidade comercial
CA3.5 Melloráronse as ligazóns, a estrutura e as procuras da páxina web capaces de xerar tráfico orientado á oferta, para facilitar a navegación pola tenda en liña
CA3.6 Atendeuse a clientela na súa consulta en tempo real a través dos dispositivos instalados
CA3.7 Actualizáronse as bases de datos de clientela, produtos e prezos relacionadas coa actividade comercial

Criterios de avaliación
CA3.8 Avaliáronse as accións de mantemento realizadas, en función da resposta recibida por parte da clientela
CA4.1 Aplicáronse as medidas de mellora do rendemento de campañas publicitarias en liña, en función do aumento do tráfico de visitas ao sitio web e o volume de vendas do comercio electrónico
CA4.2 Valoráronse os indicadores de rendemento do tráfico no comercio electrónico e o seu impacto, utilizando ferramentas de analíticas web gratuítas e de pagamento
CA4.3 Relacionáronse as ratios principais de análise do retorno de investimentos en publicidade en liña co resultado das vendas do comercio electrónico alimentario
CA4.4 Valorouse a satisfacción das persoas compradoras en liña, calculando a taxa de fidelización
CA4.5 Avaliouse a rastrexabilidade da distribución dos produtos á clientela, modificando a planificación das rutas de repartición, o tempo acordado, os recursos humanos e o estado de entrega do produto
CA4.6 Valoráronse os medios de pagamento utilizados, atendendo ás características da tenda en liña de alimentación e os gastos bancarios xerados
CA4.7 Valorouse a rendibilidade económica da tenda en liña, comparando o volume de negocio xerado cos gastos

4.7.e) Contidos

Contidos
Determinación da estrutura básica dun comercio alimentario en liña e dos elementos que a compoñen.
Integración de comercios en liña en comercios físicos.
Inscripción e habilitación da tenda en liña no rexistro. Creación de empresas de estudantes. Transaccións económicas. Emisión de facturas. Apertura e mantemento de contas bancarias.
Constitución dunha web de produtos alimentarios. Características. Deseño: responsable, amigable e utilizable. Condicións de accesibilidade e deseño universais.
Instalación de dispositivos de atención á clientela: comunicación electrónica, teléfono de contacto, chat e redes sociais.
Establecemento de medidas de seguridade. Lexislación. Protección do/da consumidor/a. Transaccións seguras.
Actualización de ficheiros da páxina web: novos produtos, tendencias de mercado, promocións e gustos da clientela. Programas informáticos: de texto, imaxe e son.
Elaboración de fichas de produtos e catálogos electrónicos. Posicionamento na web.
Actualización e deseño da páxina web. Mellora de ligazóns. Eficiencia e rendibilidade comercial.
Atención á clientela en tempo real. Dispositivos electrónicos.

Contidos

Actualización de ficheiros de clientela, produtos e prezos.

Retroalimentación e accións de mantemento.

Medidas de mellora de campañas publicitarias en liña, volume de visitas e tráfico de vendas.

Valoración do rendemento dos indicadores do tráfico e do impacto. Ferramentas de análise: gratuítas e de pagamento.

Relación e análise de ratios: investimentos, contorno e resultado de venda.

Valoración da satisfacción da clientela. Taxa de fidelización.

Avaliación da rastrexabilidade da distribución. Planificación e modificación de rutas de repartición: recursos humanos, tempo acordado e estado de entrega do produto.

Avaliación de medios de pagamento en liña. Gastos bancarios.

Valoración da rendibilidade económica da tenda en liña: volume de negocio e gastos de distribución, de persoal e de publicidade.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os CA, serán mínimos exigibles.

Procedementos de avaliación:

- Haberá unha avaliación inicial, a través de cuestións que poñan de manifesto os coñecementos previos que o alumnado teña sobre a materia.

Cualificación:

a. Probas de coñecementos:

i. Poden consistir en exames escritos con preguntas curtas e/ou a desenvolver, cuestionarios tipo test ou supostos prácticos.

ii. Conterán instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realízalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados.

iii. Nos cuestionarios tipo test se indicará a nota mínima que se deberá acadar.

iv. Para os exames escritos con preguntas a desenvolver ou supostos prácticos empréganse modelos de solución (padróns) graduados do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación. Unha proba de coñecementos non realizada inxustificadamente, suporá volvela realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

v. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba

globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido.

vi. En cada período de avaliación parcial este tipo de probas terá un peso do 30% da cualificación obtida. As cualificacións de probas de coñecementos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

b. Probas de produto e/ou desempeño:

i. Poden consistir en traballos de investigación, traballos de deseño, memorias, fichas, plans, obxectos, webs ou similares ou outros e defensas orais tanto en grupo como individuais.

ii. Conterán indicacións/instrucións precisas sobre como presentalas, os formatos de presentación, o xeito de presentación (correo electrónico, aula virtual,...), que debe ser defendido, os prazos de presentación, as penalizacións por presentacións fóra de prazo e de como se cualificarán (niveis de logro e indicadores). Un produto non presentado inxustificadamente, implicará volvelo a realizar no período de actividades de recuperación correspondente.

iii. Cualifícanse con táboas de indicadores (rúbricas) con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.

iv. Nas táboas de indicadores empregaranse os seguintes bloques: expresión escrita, ortografía, formato, presentación e creatividade, contido e desempeño. Os indicadores de contido puntuarán como mínimo un 60% da cualificación total do produto.

v. Se o produto que se pide trae asociada unha exposición oral (defensa) esta será avaliada por separado coa súa correspondente táboa de indicadores que incluírán os seguintes bloques: linguaxe non verbal, linguaxe verbal, presentación e creatividade do apoio visual.

vi. Este tipo de probas serán combinadas. Ou sexa, se avaliarán varios criterios de cualificación nelas. A cualificación consistirá en corrixir a proba globalmente e repartir a cualificación entre os CA avaliados en función do peso establecido en axustar avaliación.

vii. En cada período de avaliación este tipo de probas terá un peso do 70% da cualificación obtida. As cualificacións de produtos superiores a 4 puntos poderán facer media co resto de procedementos de avaliación para o cálculo da nota de cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. As probas con cualificacións inferiores a 4 puntos deberán ser superadas nos períodos correspondentes para as actividades de recuperación que se establezan.

2. Se a nota da 1ª ou 2ª avaliación é inferior a 5 puntos deberán ser recuperadas unicamente as probas de coñecemento ou de produtos e/ou desempeños que, individualmente, obtiveron unha cualificación inferior a 5 puntos.

3. As actividades de recuperación desenvolveranse no período establecido.

Igualmente poderán establecerse polo profesor ou profesora actividades de reforzo para realizar polos alumnos e alumnas con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25, no punto décimo noveno.7 recóllese que:

O alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:

i) Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa.

A este respecto o Departamento de Comercio e Márketing considera que o alumnado será excluído do proxecto de formación dual cando alcance, no centro educativo, o 10% de faltas inxustificadas nas horas anuais de, alo menos, tres módulos e teña tres módulos suspensos. Neste caso, o equipo docente reunirse para valorar a posible falta de aproveitamento polo alumno/a destas ensinanzas e a súa consecuente exclusión. Polo que respecta á xustificación de faltas, estas aparecen recollidas nas NOF do centro.

De ter algún módulo suspenso, deberá superar unha proba no mes de setembro que garantice o aproveitamento desta ensinanza.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a estes alumnos son unha proba combinada que permita cualificar os CA do módulo. Conterá instrucións de realización con indicación de tempos máximos para realizalas e a cualificación máxima por preguntas ou apartados. Consistirá nunha proba de coñecementos por escrito con dúas partes: un cuestionario con contidos teóricos e casos prácticos que poderán incluír exercicios de cálculo numérico.

1. O alumnado non terá que examinarse das partes superadas. Ou sexa, estarán exentos de contestar aquelas partes da proba con esas partes superadas. Esta exención lle será comunicada individualmente ao alumnado.
2. O cuestionario conterá o número suficiente de preguntas para poder avaliar os CAs do módulo. Deberán estar ben contestadas o 50% das preguntas do cuestionario para ter unha avaliación positiva nesta parte. As preguntas do cuestionario mal contestadas non penalizan.
3. A parte de casos prácticos consistirá nun número suficiente deles que permita avaliar os CAs do módulo que serán corrixidos con táboas de indicadores con catro niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.
4. O cuestionario ponderará un 30% e os casos prácticos un 70% da cualificación final da proba. Cada parte será avaliada sobre 10 puntos e non se dará a proba por superada se en cada parte non se obtén como mínimo 5 puntos sobre 10.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cada 15 días, farase o seguimento da programación na aplicación informática. Mensualmente se dará conta na reunión de departamento preceptiva deste seguimento.

A avaliación da práctica docente realizarase unha reflexión sobre as competencias de programación, actividades de aula, avaliación e formación tendo en conta os seguintes indicadores de cada competencia:

a) Programación:

- Planificación do traballo docente.
- Programación de unidades didácticas.
- Programación de actividades e tarefas.
- Tratamento da atención á diversidade e da transversalidade.

b) Actividades de aula:

- Metodoloxía desenvolvida.
- Motivación para a aprendizaxe.
- Potenciación da autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación co resto do equipo docente.
- O clima na aula e resolución de conflitos.
- Traballo en equipo.
- Actividades desenvolvidas variadas facendo un papel docente-guía.
- Utilización dos recursos do contexto para reforzar o proceso EA.
- Atención á diversidade.
- Inclusión da transversalidade nas actividades.

c) Avaliación:

- Instrumentos utilizados para facer a avaliación inicial e o seu rexistro.
- Instrumentos utilizados para a avaliación continua e o seu rexistro.
- Procedemento utilizado para a avaliación final.
- Coavaliación e autoavaliación, se proceden.
- Desenvolvemento das actividades de recuperación.
- Información proporcionada sobre a avaliación e a cualificación.

d) Formación:

- Formación desenvolvida formal.
- Formación desenvolvida non formal.

Na memoria do fin de curso se recollerán propostas de modificacións para o curso seguinte, en función da autoavaliación anterior realizada.

Como ferramentas para a concreción dos obxectivos contase con varios métodos:

- Observación, é un método de investigación, utilízase con moita frecuencia na maioría dos modelos de avaliación das labores académicas do docente.
- Compartir experiencias formais e informais co resto de profesorado para a solución de problemas conxuntos.
- Lista de control, escala ou cuestionario completado polo alumnado.
- Coñecer a situación de partida do alumnado, detectar as dificultades que xurdan e valorar os resultados obtidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso se desenvolverá un procedemento de observación competencial a través de tarefas que permitan recoller información de todas/algúns das competencias claves seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita. Para desenvolvela deseñaranse tarefas que impliquen a expresión escrita e a utilización da oralidade (traballos de reflexión e investigación por escrito e defensa dos mesmos de xeito oral apoiados en produtos gráficos).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos. Neste caso a preparación de material básico para repasar coñecementos matemáticos poderían reforzar a competencia.
3. Competencia dixital. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. Neste caso a utilización de software na elaboración de produtos de xeito responsable e tendo en conta licenzas e uso de datos persoais podería axudar a reforzar esta competencia.
4. Aprender a aprender. É unha das principais competencias, xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempos, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo. Ensinar a investigar e a ser crítico coas buscas de información poden reforzar esta competencia.

5. Competencias sociais e cívicas. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica. O traballo en equipo ensinando pautas para facelo poden reforzar esta competencia.

6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que non responda adecuadamente as actividades programadas aplicaráselle as seguintes medidas en función das súas necesidades:

- Recuperacións das partes non superadas antes do período de actividades de recuperación.
- Tarefas de alumnado específicas de reforzo.
- Introducción de estratexias e ferramentas que reforcen as competencias clave, nas actividades deseñadas.
- Deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.
- Coordinación co equipo docente para tratar o reforzo en competencias clave.

Para levar a cabo todas estas actuacións, as actividades de clase deben atender ao traballo en equipo e a axuda recíproca entre o alumnado. Ten que establecerse unha continua comunicación, diálogo, entre profesora e alumno/a a fin de poder adaptar as actividades segundo os coñecementos de cada un/ha.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta o anterior no ámbito da familia profesional de Comercio e Marketing, trataranse as seguintes temáticas, de xeito transversal, tanto nas tarefas do profesorado como do alumnado:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.

6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.
9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.
11. Deontoloxía profesional.
12. Identidade dixital: netetiqueta en foros de discusión, envío de correos electrónicos, chats, uso da videoconferencia, etc...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazo ou recursos utilizados.

ESCENARIO NORMAL

Charlas dalgunha empresa ou profesional do sector. Visitas a empresas.

ESCENARIO DE SEMIPRESENCIALIDADE E/OU DISTANCIA:

Ningunha

10.Outros apartados

10.1) ESCENARIO COMBINADO PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

1. Este módulo conta cunha aula virtual na plataforma Moodle do IES A Guía. O alumnado, unha vez que teña un usuario na plataforma, poderá automatricularse mediante unha chave de automatriculación que lle será dada nas presentacións ou primeiros días de curso.
2. O curso deste módulo na aula virtual está organizado por UD que se irán abrindo conforme se vaia avanzando nos contidos do módulo e contarán como mínimo con ligazóns, ficheiros e tarefas por cada UD, en coherencia coa programación debidamente separadas por etiquetas. As tarefas serán deseñadas de xeito que quede claro o modo de presentación, o fondo e forma da tarefa, os prazos de entrega e se vai ser

cualificada os criterios de cualificación e o seu valor en coherencia coa programación. Cada UD contará cun foro de dúbidas.

3. A opción de semipresencialidade queda organizada de xeito rotatorio por semanas, dependendo do número de persoas alumnas por grupo clase e tamaño da aula. Neste caso virán un grupo de 15 unha semana e a outra semana quedarán na casa e viceversa. Na semana presencial, darase a teoría e comezarán a tarefa práctica que rematarán na semana que queden na casa.

4. Nas primeiras semanas de clase presencial se incidirá no uso da aula virtual, nas pautas a seguir nas titorías a distancia, no uso dos sistemas de videoconferencia e na resolución de problemas técnicos que poida ter o alumnado. Tamén se establecerán grupos para as tarefas de grupo e se entrenará ao alumnado no uso de ferramentas dixitais para o desenvolvemento desas tarefas grupais.

5. Se organiza un grupo de contactos do alumnado do módulo que constará de teléfono móbil e correo electrónico como mínimo. Comprobarase que os datos aportados polo alumnado na matrícula a través de XADE están actualizados.

6. A incorporación do alumnado ao grupos de mensaxería, farase mediante envío de ligazóns dos grupos aos contactos da matrícula ou proporcionado polo propio alumnado para que se inclúan eles voluntariamente (teléfono móbil ou correo electrónico da axenda do punto anterior).

10.2) ESCENARIO A DISTANCIA

Se as circunstancias sanitarias obligasen a pasar a un sistema completamente a DISTANCIA, seguiranse as directrices de SEMIPRESENCIAL do apartado anterior, engadindo as seguintes:

1. A metade do horario do módulo, por exceso programárase polo sistema de videoconferencia preferentemente polas plataformas proporcionadas pola consellería de educación.

2. O resto do horario se organizará con tarefas e actividades propostas ao alumnado distintas das configuradas na programación para explicacións teóricas da persoa docente. Estas actividades poderán ser seguidas por outros sistemas diferentes á videoconferencia tendo en conta que a aula virtual conta con foro de dúbidas en cada UD e se vai organizar un grupo de mensaxería instantánea como sistema síncrono de comunicación.

Dado que a forma de traballar é aplicando a teoría á práctica mediante a realización de casos prácticos, en caso de que tivese que ser educación a distancia pola covid, non habería problema, xa que o traballo seguiría sendo realizado da mesma forma e os programas de deseño utilizados son de software libre ou plataformas gratuitas, co cal todo o alumnado poderá dispoñer deles na súa casa sen necesidade de desembolsar cartos en licencias. Todo o alumnado ten acceso a toda a teoría e tarefas propostas na aula virtual do centro educativo. Fariáanse vídeos explicativos e colgaríanse na plataforma á que todo o alumnado tivese acceso (drive, mail, wetransfer...), de non poder facerse na aula virtual polo peso. En caso de poder facerse de forma streaming as aulas, a explicación sería en directo, así como a resolución de dúbidas, propondo igualmente as tarefas prácticas para desenvolver na casa.

Trátase dun curso que está en modalidade semipresencial pola covid, (os luns quedan na casa). Nas xornadas presenciais se lle dará traballo para que fagan os luns dende a súa casa.

Cualificación:

Os criterios de cualificación aplicables teñen como referencia, por un lado os criterios de avaliación do módulo para cada unidade didáctica, e por outro lado, as actividades e probas efectuadas polos alumnado ao longo do curso, de maneira que as cualificacións de ditas actividades e probas efectuaránse pola aplicación dos criterios de avaliación que lles correspondan en cada unidade. Emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente que será a media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, dacordo coas seguintes